RESOLUCIÓN

ASUNTO: CALENDARIO LABORAL ANO 2027

EXPEDIENTE:2026/G003/000492

Visto o acordo da Mesa de Negociación de data 18/11/2026 polo que se aproba o calendario laboral para o ano 2027 neste Concello.
No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Aprobar o calendario laboral do Concello de Cariño para o ano 2027, no seguinte sentido:

1.- TEMPO DE TRABALLO: A xornada laboral será de 35 horaas semanais, en cómputo anual de 1533 horas para todo o persoal municipal. A organización e distribución dos horarios en cada departamento deberán adaptarse ás necesidades específicas de cada servizo, garantindo en todo caso o cumprimento da xornada establecida.

2.- DIAS DE ASUNTOS PROPIOS: todo o persoal terá dereito a dous días adicionais de asuntos particulares en compensación polo feito de que o 1 de maio e o 25 decembro coinciden en sábado. Así mesmo, cando un traballador preste servizos en día festivo, terá dereito a un día adicional de compensación. Os días de asuntos propios poderán gozarse ata o 31 de marzo do ano seguinte, de acordo cos criterios que se establezan para a súa solicitude e autorización.

3.- OS FESTIVOS NO ANO 2027 SERÁN OS SEGUINTES:

1 de xaneiro, 6 de xaneiro,19 de marzo, 25 de marzo, 26 de marzo, 1 de maio, 17 de maio, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 7 de decembro, 25 de decembro.

Quedan como festivos locais o 16 de xullo (día do Carme) e o 24 de agosto (día de San Bartolo), así por convenio o 27 de marzo (sábado santo), 22 de maio (Santa Rita), 24 e 31 de decembro (Noiteboa e Noitevella).

4.- PONTES: os traballadores/as poden disfrutar de tres pontes ao longo do ano, a escoller entre as seguintes datas:

4 e 5 de xaneiro, 7 e 8 de xaneiro, 23 de agosto, 11 de outubro e 7 de decembro.

A elección e o goce destas pontes deberán organizarse de maneira compatible co funcionamento dos servizos municipais.Os traballadores/as que por necesidades do servizo non poidan disfrutar das pontes acordadas, aplicaráselles unha compensación de tres días.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: pbI9okEo19QNYhcXFCKF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodecarino.gal/

5.- HORARIO REDUCIDO: dende o 15 de xuño e ata o 15 de setembro, os traballadores/as terán dereito a unha redución horaria de unha hora diaria, no momento da saída do seu posto de traballo. Os traballadores/as que, por razóns organizativas ou polas características do servizo, non poidan beneficiarse desta redución horaria diaria poderán compensala mediante xornadas completas ou mediante outra fórmula que se acorde coa representación sindical e co servizo correspondente.

6.- FESTAS LOCAIS: os días 23, 25 e 26 de agosto , festas en honor a San Bartolo, os traballadores terán un horario reducido de 10 a 13 horas, coa correspondente compensación para os traballadores que, por necesidades do servizo, non poidan disfrutar destes días.

7.- ELABORACIÓN DO CALENDARIO DE VACACIÓNS: deberá quedar elaborado antes do 30/04/2027, co obxecto de facilitar a planificación e organización das vacacións e garantir o adecuado funcionamento dos servizos municipais.

8.- **Gratificación de Nadal de 50 euros para todo o persoal municipal.**

SEGUNDO: Publicar o presente acordo no taboleiro electrónico municipal.

En Concello de Cariño, 20 de novembro de 2026

A Alcaldesa

Ana María López Fernández

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: pbI9okEo19QNYhcXFCKF Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodecarino.gal/